



PROGRAMA MUNICIPAL EDUCASAÚDE (3ª edición)

Programa de prevención que pretende abordar o concepto de saúde dunha forma integral traballando pautas para fomentar unha conduta saudable, dirixido á infancia, adolescencia e mocidade desde tres aspectos fundamentais o físico, o psicolóxico e o relacional. O programa inclúe tamén ás familias como parte fundamental na transmisión destas condutas.

Finalidade: Fomentar hábitos saudables entre a poboación infantil e xuvenil para previr condutas de risco. Concienciar ás familias para transmitir condutas adecuadas orientadas a unha vida saudable.

Público destinatario: escolares de educación infantil (0 a 6) e educación primaria e as súas familias.

Accións a levar a cabo: Sesións de hora e media nos colexios en horario de mañá e sesións de hora e media pola tarde ás familias.

As sesións se estruturan en 4 bloques temáticos: Sesión de Prevención (prevención de adicións, lecer e tempo libre), Sesión Psicosocial (habilidades sociais, as emocións, a igualdade de xénero, a comunicación, o medioambiente), Sesión Médica (a alimentación, a hixiene, a seguridade), Sesión Afectivo-sexual (a adolescencia, educación sexual, prevención da violencia de xénero e do abuso sexual, as redes sociais).

Equipo docente formado por 3 pediatras, 1 enfermeira pediátrica, 1 psicóloga, 2 matronas, 1 educador social e dúas psicólogas especialistas en etapa de 0 a 3 anos.

Centros educativos: Ceip Alborada, Ceip Rosalía de Castro, Ceip Sagrada Familia, Ceip Salgado Torres, Ceip Wenceslao Fernández Flórez, EIM Arela y EIM Carricanta.

Duración do programa: desde o 21 de xaneiro ata o 16 de abril de 2013

NOTA: Nas sesións da tarde ofrécese un obradoiro dirixidos a nenos e nenas que acompañen ás familias, no que se traballan contidos de educación para a saúde

Sesións programadas para o mes de ABRIL dirixidas ás familias

CEIP ALBORADA		
DATA	Sesión	Familias de escolares dos cursos:
5 ABRIL	PREVENCIÓN	1º, 2º e 3º
11 ABRIL	PREVENCIÓN	INFANTIL
15 ABRIL	MÉDICA	INFANTIL

Horario das sesións: desde as 16:00 ata as 17:30 h.

